## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 14 de xullo de 2006 pola que se modifica o Regulamento da denominación de orixe Ribeira Sacra e do seu consello regulador.*

Por Orde da Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes, do 3 de setembro de 1996, aprobouse o Regulamento da denominación de orixe Ribeira Sacra e do seu consello regulador, para os viños producidos nesa comarca vitivinícola. Posteriormente este regulamento foi modificado polas ordes do 9 de xullo de 1997 e do 29 de agosto de 2002.

Co paso dos anos esta denominación de orixe foi medrando de xeito ordenado, o que lle permitiu acadar no momento actual un importante desenvolvemento das súas estruturas produtivas, tanto do sector vitícola como do industrial, así como unha notable presenza no mercado.

Porén, o paso deste período de tempo aconsella tamén realizar cambios puntuais no regulamento da denominación para adaptalo ás condicións produtivas e do mercado actuais, modificando, en concreto, a relación de variedades de uva aptas para a vinificación así como os tipos de viño protexidos.

En consecuencia, tras a petición do consello regulador, e de conformidade co artigo 30.I.3 e 4 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente

*DISPOÑO:*

Artigo único.-Modifícanse os artigos 5 e 12 do Regulamento da denominación de orixe Ribeira Sacra e do seu consello regulador, aprobado pola Orde do 3 de setembro de 1996, da Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes, que quedan redactados do seguinte xeito:

«Artigo 5º.

1. A elaboración dos viños protexidos realizarase exclusivamente con uvas das seguintes variedades:

a) Preferentes:

Brancas: Loureira, Treixadura, Godello, Dona Blanca, Albariño e Torrontés

Tintas: Mencía, Brancellao e Merenzao.

b) Autorizadas:

Tintas: Sousón, Caíño tinto, Garnacha tintureira, Mouratón (Negreda) e Tempranillo.

2. O consello regulador poderá propoñerlle á consellería competente en materia de agricultura que se autoricen novas variedades, logo dos ensaios e experiencias convenientes e tras comprobar que producen mostos de calidade aptos para a elaboración de viños protexidos, determinándose en cada caso a súa inclusión como preferente ou como autorizada.

Artigo 12º

Os tipos de viño amparados pola denominación de orixe Ribeira Sacra e as características que deben reunir son os seguintes:

1. Tipos.

1.1. Serán Ribeira Sacra Súmmum:

a) Os tintos elaborados, como mínimo, cun 85% dunha das variedades tintas preferentes.

b) Os tintos elaborados, como mínimo, cun 85% de variedades tintas preferentes, sendo a variedade mencía, polo menos, un 60% do total.

c) Os brancos elaborados coas variedades brancas preferentes.

1.1. Serán Ribeira Sacra:

a) Os tintos elaborados, como mínimo, cun 70% de variedades tintas preferentes.

b) Os súmmum que no acaden os niveis analíticos ou organolépticos exixidos para esa mención.

Só poderán facer referencia ás variedades os viños Ribeira Sacra Súmmum. Cando se mencione unha única variedade, o viño deberá estar elaborado cun 85%, como mínimo, desa variedade.

2. Características analíticas:

| Tipos | Grao alcohólico adquirido mín. (%) | Acidez volátil real máx. (g/l), en Ac. acético | Acidez total mín. (g/l tartárico) | Acidez total máx. (g/l tartárico) | Sulfuroso total máx. (g/l) |
|---|---|---|---|---|---|
| Tinto Ribeira Sacra Súmmum | 11 | 0,65 | 4,5 | 6,5 | 120 |
| Branco Ribeira Sacra Súmmum | 11 | 0,65 | 4,5 | 7 | 140 |
| Ribeira Sacra | 10 | 0,70 | 4,5 | 7 | 160 |

Para os parámetros analíticos non recollidos neste artigo terase en conta a lexislación xeral.

3. Características organolépticas.

Os viños amparados por esta denominación deben manter en todo momento como atributo fundamental a súa xuventude, tanto en cor como en aroma e sabor.

4. Aqueles viños que, ao xuízo do consello regulador, non presenten as características fixadas neste artigo, non poderán ser amparados pola denominación de orixe Ribeira Sacra».

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

*Orde do 20 de xullo de 2006 pola que se determinan os servizos mínimos durante a folga convocada pola Federación de Servizos e Administracións Públicas de Comisións Obreiras de Galicia (FSAP-CC.OO.) no servizo de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia para os días 25 de xullo, 15 de agosto e 15 de setembro de 2006.*

O artigo 28.2º da Constitución española recoñece o dereito de folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses, malia limitar o seu exercicio para garantir os servizos esenciais da comunidade, entre os que está a vixilancia e extinción de incendios.

O artigo 3 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño, faculta o conselleiro competente por razón dos servizos esenciais afectados ante unha situación de folga para que, mediante orde, decida o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento deles, así como para determinar o persoal preciso para a súa prestación.

A FSAP-CC.OO. de Galicia convocou folga de carácter temporal que afecta todas as actividades do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia, desenvolvidas polo persoal laboral suxeito ao convenio único do persoal laboral da Xunta de Galiza, en todos os centros, dependencias e distritos forestais da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, dependente da Consellería do Medio Rural, para os días 25 de xullo de 2006, 15 de agosto de 2006 e 15 de setembro de 2006.

Xa que logo, cómpre determinar os servizos mínimos que deben manter mentres dure a folga convocada nos citados centros de traballo para garantir a continuidade do servizo, tendo en conta que desde o 15 de xuño a 15 de outubro de 2006 está declarada como época de alto risco de incendios forestais, segundo resolución do director xeral de Montes e Industrias Forestais, con data do 12 de xuño de 2006, pola que se modifica a época de máximo perigo de incendio regulada na Resolución do 27 de xaneiro de 2005, sobre medidas para a prevención de incendios forestais, así como, as estatísticas dispoñibles en canto á proliferación de incendios forestais.

Na súa virtude, oído o Comité de Folga e no uso das competencias que teño atribuídas,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º

Os servizos mínimos que se deberán manter mentras dure a folga anunciada con carácter temporal no Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais para os días 25 de xullo de 2006, 15 de agosto de 2006 e 15 de setembro de 2006, son os seguintes segundo as categorías especificadas:

1. Operador/codificador: 15 de setembro, o 50% dos efectivos correspondentes a esa categoría, asegurándose cando menos un operador/codificador por centro de traballo.

2. Vixilantes fixos: o 100% do persoal incluído nas quendas de traballo os días da folga.

3. Vixilantes móbiles: o 100% do persoal incluído nas quendas de traballo os días da folga.

4. Emisoristas: o 100% do persoal incluído nas quendas de traballo os días da folga.

5. Oficial 2ª mecánico: o 100% do persoal incluído nas quendas de traballo os días da folga.

6. Xefe de brigada: o 100% do persoal incluído nas quendas de traballo os días da folga.

7. Peóns condutores: o 100% do persoal incluído nas quendas de traballo os días da folga.

8. Peóns: 4 peóns por cada brigada incluída nas quendas de traballo os días de folga.

9. Condutores de motobomba: o 100% do persoal incluído nas quendas de traballo os días da folga.

Artigo 2º

O persoal que debe prestar os servizos mínimos establecidos de conformidade co diposto no artigo anterior será fixado polo director xeral de Montes e Industrias Forestais nos servizos centrais e polos delegados provinciais da Consellería do Medio Rural, facéndose pública a relación nos taboleiros de anuncios da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, nas delegacións provinciais e na sede dos distritos forestais e dos centros afectos pola convocatoria da folga durante a xornada laboral inmediatamente anterior á sinalada para a súa celebración.

Artigo 3º

O incumprimento da obriga de atender os servizos mínimos fixados nesta orde sancionarase de conformidade coa lexislación vixente.

Artigo 4º

O establecido nesta orde non suporá ningunha limitación dos dereitos que a normativa reguladora ao dereito de folga lle recoñece aos/ás traballadores/as.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural